

Instalación COMPLETA PARA WINDOWS:

Requirimentos mínimos:

- * Windows XP ou superior
- * 128 Mbytes RAM (64Mb Mínimo, 256Mb Recomendado)
- * 300 Mbytes de espazo dispoñible
- * Resolución 800 x 600 ou superior con polo menos 256 cores

Instalación:

- 1.Executar o ficheiro OOo_2.0.3_Windows_galego.exe
- 2.Prema en *Seguinte* (Next) na pantalla de benvida á preparación da instalación.
- 3.Elixa o cartafol de destino onde se descomprimirán os ficheiros de instalación do OpenOffice e prema en *Descomprimir*.
- 4.Unha vez feito isto o programa de instalación arrancará automaticamente.
- 5.Para comezar a instalación deberá premer en *Seguinte* na pantalla de benvida á instalación.
- 6.Lea a licenza e escolla *Acepto os termos da licenza*. Prema en *Seguinte*.
- 7.Encha o formulario da pantalla *Información do usuario*, e prema en *Seguinte*.
A información de usuario non é obrigatoria e pode modificarse posteriormente.
- 8.Escolla *Instalación completa* e prema en *Seguinte*.
- 9.Escolla os tipos de documentos que desexa utilizar con OpenOffice.org. Prema en *Seguinte*.
- 10.Para continuar a instalación prema en *Instalar*.
- 11.Unha vez finalizada a instalación prema en *Concluir*.

Instalación PAQUETE DE IDIOMA PARA WINDOWS:

Paquete de idioma galego para OpenOffice: necesita ter instalada a versión 2.0.3 do OpenOffice en calquera outro idioma.

Instalación:

- 1.Executar o ficheiro OOo_2.0.3_Windows_langpack_galego.exe.
- 2.Prema en *Seguinte* (Next) na pantalla de benvida á preparación da instalación.
- 3.Elixa o cartafol de destino onde se descomprimirán os ficheiros de instalación do paquete de idioma do OpenOffice e prema en *Descomprimir*.
- 4.Unha vez feito isto o programa de instalación arrancará automaticamente.
- 5.Para comezar a instalación deberá premer en *Seguinte* na pantalla de benvida á instalación.
- 6.Lea a licenza e escolla *Acepto os termos da licenza*. Prema en *Seguinte*.
- 7.Escolla o cartafol onde está instalada a versión 2.0.3 do OpenOffice (por defecto xa aparece seleccionado) e prema en *Seguinte*.
- 8.Para continuar a instalación prema en *Instalar*.
- 9.Unha vez finalizada a instalación prema en *Concluir*.